



Manuel Otero Méndez, como Xefe do Servizo Provincial de Deportes de Lugo e coordinador do grupo de deportes nº2 para a elaboración e supervisión dos protocolos FISICOVID-DXTGALEGO,

### CERTIFICA

1. Que consonte ao disposto no apartado 3.21 do Anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, publicado por Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (Diario Oficial de Galicia nº 115, 13.06.2020), a **Federación Galega de Orientación** presentou unha actualización do seu protocolo FISICOVID-DXTGALEGO para a **práctica das distintas especialidades da súa federación**, no que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no **ámbito do deporte federado autonómico**; en diante o protocolo.
2. Que dito protocolo axústase aos requirimentos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral para o Deporte pola que se aproba o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO no que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia (Diario Oficial de Galicia nº 120, 19.06.2020) e
3. Que xunto ao anterior, o protocolo axústanse ao establecido na normativa en vigor sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para a realización da **práctica das actividades deportivas**.

Lugo, 22 de febreiro de 2022

Manuel Otero Méndez  
Xefe Servizo Provincial Deportes Lugo  
Secretaría Xeral para o Deporte